

ESIXIMOS AO CONSELLEIRO DE SANIDADE O CUMPRIMENTO DOS ACORDOS ASINADOS O 8 DE MAIO DE 2019

Na reunión celebrada o día 14 de maio convocada para a constitución do devandito consello, o SERGAS presentounos o que desde a Administración se considera o Plan Galego de Atención Primaria e as 200 medidas que se van a aplicar.

As medidas e os conceptos deste Plan están pechados? Para que serve entón o Consello Técnico?

CIG-SAÚDE esiximos da Consellería de Sanidade os seguintes **compromisos**:

- Que a Consellaría remita a todas as organizacións que integran o Consello, o documento de medidas presentado na reunión do día 14 de maio para poder presentar alegacións ao seu contido con incorporación de novas propostas, ou modulando as xa existentes.
- Que non se ralentice a implantación de ningunha medida, tan necesarias para a mellora da atención primaria, pola falta de operatividade do Consello Técnico.
- Que na reunión do día 13 de xuño, se aproben as comisións técnicas necesarias para o desenvolvemento das medidas a executar na atención primaria, medidas tales como:

Unha comisión técnica da mesa sectorial para a elaboración dun **Plan de Ordenación de Recursos Humanos** no que se identifiquen as necesidades e se propoñan as solucións.

Creación de **grupos de traballo de cada unha das categorías** que deben formar parte das equipas da atención primaria para que elaboren a súa **carteira de servizos, protocolos, guías e o plano de formación necesario**: enfermeiras/os, médicas/os, farmacéuticas/os, psicólogas/os, fisioterapeutas, matronas, PXS...

Crear un **grupo de traballo multidisciplinar**: médicas/os, enfermeiras/os, matronas, fisioterapeutas, terapeutas ocupacionais, psicólogas/os, PSX... para acordar entre todas/os o seu **modelo de consultas**, e definir conxuntamente o **mapa de competencias**. Non todo ten que pasar pola consulta médica, diminuindo así a presión que hai sobre este persoal.

Crear un **grupo de traballo de persoal facultativo para analizar a relación de atención primaria e atención hospitalaria**, para establecer conxuntamente e en pé de igualdade, a relación entre as/os profesionais dos dous niveis de asistencia. E que permita, mediante o consenso, **organizar a derivación de doentes**, e a **implantación dos programas asistenciais** tendo en conta as necesidades das/os doentes.

As xerencias que teñan establecidos nos seus plans estratéxicos ou funcionais un esquema de relación entre a atención primaria e hospitalaria, realizados mediante consenso de profesionais dos dous ámbitos asistenciais, aplicarán de inmediato o recollido nos seus plans.

- **Crear de inmediato a xerencia da atención primaria**, que permita ter un equipo de interlocución e de execución dos proxectos da atención primaria.
- Os orzamentos do 2020 recollerán diferenciado o **orzamento da atención primaria**.